

proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

9. O transporte por estrada, por ferrocarril, por vías fluviais, marítimo ou aéreo de mercadorías perigosas ou contaminantes, de acordo coa definición que figura no artigo 2.b) do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, ou no artigo 2.b) do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, que regula diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril ou no artigo 3.h) do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo.

10. A explotación de instalacións que, estando suxeitas a autorización de conformidade coa directiva 84/360/CEE do Consello, do 28 de xuño de 1994, relativa á loita contra a contaminación atmosférica procedente das instalacións industriais en relación coa liberación á atmosfera dalgunha das substancias contaminantes reguladas pola directiva mencionada, requiren unha autorización de acordo coa Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

11. Toda utilización confinada, incluído o transporte, de microorganismos modificados xeneticamente, de acordo coa definición da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

12. Toda liberación intencional no ambiente, transporte e comercialización de organismos modificados xeneticamente de acordo coa definición da Lei 9/2003, do 25 de abril.

13. O traslado transfronteirizo de residuos dentro, cara a ou desde a Unión Europea suxeito a autorización ou prohibido segundo o disposto no Regulamento (CE) número 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo ao traslado de residuos.

14. A xestión dos residuos das industrias extractivas, segundo o disposto na Directiva 2006/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre a xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE.

ANEXO IV

Convenios internacionais a que fai referencia o artigo 3.5.a)

1. Convenio internacional, do 27 de novembro de 1992, sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación por hidrocarburos.

2. Convenio internacional, do 27 de novembro de 1992, de constitución dun fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos.

3. Convenio internacional, do 23 de marzo de 2001, sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación por hidrocarburos para combustible dos buques.

4. Convenio internacional, do 3 de maio de 1996, sobre responsabilidade e indemnización de danos en relación co transporte marítimo de substancias nocivas e potencialmente perigosas.

5. Convenio, do 10 de outubro de 1989, sobre responsabilidade civil por danos causados durante o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril e por vías navegables.

ANEXO V

Convenios internacionais a que fai referencia o artigo 3.5.b)

1. Convenio de París, do 29 de xullo de 1960, acerca da responsabilidade civil en materia de enerxía nuclear e Convenio complementario de Bruxelas do 31 de xaneiro de 1963.

2. Convención de Viena, do 21 de maio de 1963, sobre responsabilidade civil por danos nucleares.

3. Convención, do 12 de setembro de 1997, sobre indemnización suplementaria por danos nucleares.

4. Protocolo común, do 21 de setembro de 1988, relativo á aplicación da Convención de Viena e do Convenio de París.

5. Convenio de Bruxelas, do 17 de decembro de 1971, relativo á responsabilidade civil na esfera do transporte marítimo de substancias nucleares.

ANEXO VI

Información e datos a que se refire a disposición adicional quinta

1. Os informes a que se refire a disposición adicional quinta inclúiran unha lista de casos de dano ambiental e de casos de responsabilidade en virtude desta lei, cada un deles cos seguintes datos e información:

a) Tipo de dano ambiental, data en que se produciu e/ou descubriu o dano e data en que se emprenderon accións en virtude desta lei.

b) Código de clasificación das actividades da persoa ou persoas xurídicas responsables.

c) Interposición, se é o caso, dun recurso en vía xudicial, xa sexa por partes con responsabilidade ou por entidades lexitimadas (deberá especificarse o tipo de demandantes e o resultado do procedemento).

d) Resultado do proceso de reparación.

e) Data de conclusión do procedemento.

2. As administracións públicas poderán incluír nos seus informes calquera outro dato e información que considere útil para a correcta valoración do funcionamento desta lei, por exemplo:

a) Custos ocasionados polas medidas de prevención e reparación, de acordo coa definición desta lei:

1.º Sufragados directamente polos responsables, cando se dispoña desta información;

2.º Restituídos polos responsables a posteriori;

3.º Sen restituír polos responsables (deberá especificarse o motivo da falta de restitución).

b) Resultados das accións de fomento e da aplicación dos instrumentos de garantía financeira utilizados de conformidade con esta lei.

c) Unha avaliación dos custos administrativos adicionais ocasionados anualmente á Administración pública pola creación e funcionamento das estruturas administrativas necesarias para aplicar e facer cumprir esta lei.

18476 *LEI 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.* («BOE» 255, do 25-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

As persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas viven nunha sociedade formada maioritariamente por persoas oíntes polo que, para a súa integración, deben superar as barreiras existentes na comunicación que son, en aparencia, invisibles aos ollos das persoas sen discapacidade auditiva. Esta lei intenta emendar esta situación e propiciar o seu acceso á información e á comunicación, tendo presente a súa heteroxeneidade e as necesidades específicas de cada grupo.

Igualmente, na lei rexe o principio de liberdade de elección na forma de comunicación por parte das persoas xordas calquera que sexa a súa discapacidade auditiva e xordocegas, polo que se recoñece e regula de xeito diferenciado o coñecemento, a aprendizaxe e o uso da lingua de signos española, así como os medios de apoio á comunicación oral.

Non cabe dúbida de que a linguaxe é o principal instrumento de comunicación. O coñecemento e o uso dunha lingua favorecen e posibilitan o acceso e a transmisión do coñecemento e da información, ademais de ser a canle básica de vertebración das relacións individuais e sociais. Deste modo, a lingua non é unha simple manifestación da liberdade individual, senón que transcende os ámbitos persoais e se converte nunha ferramenta ineludible para a vida en sociedade.

As persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas non sempre poden acceder á información e á comunicación co contorno, ben porque non dispoñen de intérprete de lingua de signos, caso das persoas xordas e xordocegas que sexan usuarias da lingua de signos, ben porque non dispoñen dos recursos de apoio necesarios para facer posible a comunicación a través da lingua oral. Efectivamente, na maioría das áreas en que se debe aplicar esta lei non se dispón, en moitas ocasións, de adaptacións visuais e acústicas que permitan a mellora na audición e recepción da información auditiva, ou dos medios de apoio necesarios para a comunicación oral, ou de servizo de intérpretes de lingua de signos.

Especial dificultade reviste a xordocegueira, que é unha discapacidade que resulta da combinación de dúas deficiencias sensoriais (visual e auditiva), que xera, nas persoas que a padecen, problemas de comunicación únicos e necesidades especiais derivadas da dificultade para percibir de xeito global, coñecer e, polo tanto, interesarse e desenvolverse no seu contorno. Algunhas persoas xordocegas son totalmente xordas e cegas, mentres que outras teñen restos auditivos e/ou visuais.

A exixencia da publicidade como trazo inherente do Estado de dereito, a través da cal as normas teñen que ser accesibles a toda a cidadanía; a constatación de que non se pode falar dunha participación real e efectiva da cidadanía no ámbito dun sistema democrático sen o acceso á información e á comunicación e sen a expresión das súas ideas e vontades a través dunha lingua; a toma de conciencia de que só é posible lograr unha integración social e cultural de carácter universal, desde a que a participación cidadá se proxecta en calquera ámbito social e cultural -exixencia dun Estado social- a través do acceso ao coñecemento e o uso da lingua son cuestións que, xunto á importancia que nas sociedades contemporáneas adquiriu a transmisión de información a través de medios escritos e audiovisuais, obrigan a considerar o uso e o coñecemento dunha lingua como un dereito vinculado ao libre desenvolvemento da personalidade e, en definitiva, ao logro dunha vida humana digna.

En todo caso, o colectivo das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas é moi diverso e non se axusta a un único patrón comunicativo polo feito de non oír, ou de non oír nin ver no caso da xordocegueira, que

combina ambas as dúas deficiencias. Polo tanto, o uso da lingua oral ou das linguas de signos españolas e o apoio aos medios de comunicación oral na súa comunicación co contorno, na súa aprendizaxe, no acceso á información e á cultura, debe responder a unha opción libre e individual que, no caso de se tratar de menores, lles corresponderá aos seus pais ou titores.

II

Os antecedentes históricos sobre as linguas de signos en España inicianse, desde o punto de vista educativo, no século XVI, cando os monxes emprenderon o labor de educar nenos xordos. O monxe beneditino Pedro Ponce de León aprendeulles a se comunicar aos nenos xordos que estaban ao seu cargo, feito que permitiu a reavaliación das crenzas profesadas durante moito tempo respecto das persoas xordas, contribuíndo a un cambio gradual da mentalidade que se tiña sobre elas e o seu lugar na sociedade. Os mosteiros nesa época estaban obrigados a gardar silencio e comunicábanse utilizando signos manuais; así, por exemplo, os beneditinos tiñan á súa disposición «signos para as cousas de maior importancia, cos cales se facían comprender». Pedro Ponce de León debeu comprender que era posible expresar a razón sen fala, pois el mesmo o facía cada vez que manifestaba os seus pensamentos por medio de signos monásticos, e empregou cos nenos xordos un sistema xestual de comunicación.

No século XVII a metodoloxía cambia, e así Manuel Ramírez de Carrión utilizou a pedagogía da súa época para instruír os nenos xordos preparándoos para que se integrasen na sociedade.

Na segunda metade do século XVIII, Lorenzo Hervás y Panduro publica o seu tratado: «Escuela española de xordomudos ou arte para lles aprender a escribir e falar o idioma español», que supón un fito fundamental no esforzo pedagóxico para a integración das persoas xordas.

A escola española alcanzará a producir aínda obras de tanta transcendencia para a lingua natural das persoas xordas como o dicionario de mímica e dactiloloxía de Francisco Fernández Villabril, que incluía 1.500 signos da lingua de signos española descritos para a súa realización. Sen dúbida, trátase do paso máis importante cara á estandarización da lingua de signos española dado ata daquela, e unha demostración do carácter non só natural, senón histórico, da lingua de signos española.

No século XIX, co establecemento en España dos primeiros colexios de xordomudos e cegos, posibilitábase a institucionalización da educación das persoas xordas, cegas e xordocegas, coa consecuencia da interacción lingüística e social entre elas, así como do inicio do desenvolvemento sistematizado das protolinguas de signos española e catalá.

O último cuarto do século XX supuxo a reivindicación das linguas de signos española e catalá como os instrumentos de comunicación propios das persoas xordas que optan libremente por algunha delas. Numerosos encontros nacionais e internacionais debateron sobre a necesidade do seu recoñecemento e uso para garantir o acceso pleno á educación, aos servizos, á vida económica e cultural, aos medios de comunicación e ás novas tecnoloxías da información, así como a súa necesidade para o correcto desenvolvemento persoal e a participación social das persoas xordas que optaron por esta modalidade de comunicación.

A relevancia do uso e coñecemento da lingua constitúe na actualidade unha realidade incuestionable. Non obstante, e a pesar diso, esa construción sobre a importancia e relevancia da lingua configurouse de costas a outras situacións. En efecto, o recoñecemento sobre o valor da lingua debe responder ás necesidades das persoas con discapacidade auditiva.

As linguas de signos españolas, sendo as linguas propias das persoas xordas e xordocegas que optaron por esta modalidade lingüística, non tiveron o recoñecemento nin o desenvolvemento que lles corresponde, e iso a pesar de que numerosas investigacións levadas a cabo no ámbito nacional e internacional puxeron de manifesto que as linguas de signos cumpren todos os requisitos dunha lingua natural e posúen unhas características gramaticais, sintácticas e léxicas propias. Recentemente esta situación emendouse e proba diso é a aprobación de numerosas normas, entre as que cabe destacar varios estatutos de autonomía, que recoñecen a importancia das linguas de signos.

III

En España, fronte a outros países que carecen desta riqueza, a realidade da lingua de signos adquire unha nova dimensión, xa que a existencia da lingua de signos catalá pon claramente de manifesto como a través deste vehículo de comunicación se pode colaborar á plena participación na vida política, económica, social e cultural.

A lingua de signos catalá, que é a lingua propia das persoas xordas de Cataluña que optaron por esta modalidade de comunicación, e a que usan, polo tanto, nas súas comunicacións da vida diaria, desenvolveuse en Cataluña dunha forma similar a como o fixo a lingua de signos española no resto de España, de tal forma que se foi consolidando unha estrutura lingüística comunicativa intimamente relacionada co contorno xeográfico, histórico e cultural. O Parlamento de Cataluña aprobou o día 30 de xuño de 1994 a «proposición non de lei sobre a promoción e a difusión do coñecemento da linguaxe de signos», e algunhas universidades catalás ofrecen un programa de posgraao de «experto en interpretación de lingua de signos catalá», cuxa dimensión profesional está garantida para os efectos laborais. No ano 2005 aparece a primeira «Gramática básica de lingua de signos catalá» e existe, ademais, unha ampla bibliografía científica de gran valor lingüístico sobre esta. Finalmente, no ano 2006, o Estatuto de autonomía de Cataluña realizou un recoñecemento da lingua de signos catalá.

IV

A utilización de recursos que potencian e posibilitan a comunicación vía oral, a través dos medios de apoio á comunicación oral, como a labiolectura, as próteses auditivas, a subtítulos e calquera outro avance tecnolóxico, supón un dereito fundamental e básico das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas que optaron libremente por este medio de comunicación.

O século XX foi o momento dos avances máis vertixinosos en alianza coa medicina, a audiología, a ciencia, a tecnoloxía, a pedagogía e a lectura labial en relación coa audición. Así, as achegas destas disciplinas fixeron realidade expectativas impensables para a educación e o acceso á comunicación oral das persoas con discapacidade auditiva, así como á súa integración e participación máis activa co seu contorno.

Os avances tecnolóxicos permiten que unha persoa xorda ou con discapacidade auditiva e xordocega, estimulada a través das súas próteses auditivas e con recursos e medios de apoio á comunicación oral, poida acceder á lingua oral que é a do seu contorno cultural, laboral e social. Cómpre ter en conta que as perdas auditivas poden ser conxénitas, aparecer a idades temperás e tamén adquirirse ao longo da vida adulta, polo que hai que prever todos os recursos necesarios para favorecer o seu máximo desenvolvemento persoal, laboral, cultural e mesmo o académico, atendendo aos principios de autonomía, normalización, integración social e educativa e participación na vida en comunidade e contando cos pro-

fesionais adecuados e debidamente cualificados que poidan atender todas as súas necesidades.

V

Durante moito tempo, a sociedade tomou como referencia un modelo universal de ser humano á hora de proxectar a idea de dignidade. E a partir de aí, e non sen un esforzo considerable, tratou de recoñecer e valorar as diferenzas mediante o uso do principio de diferenciación positiva. Este tipo de normas manexa unha idea de igualdade que parte, precisamente, do recoñecemento da diferenza e que ten como finalidade minimizar ao máximo os efectos que esta produce para o disfrute dos dereitos e para o desenvolvemento dunha vida humana digna.

O tratamento da discapacidade non permaneceu á marxe desta tendencia. Nos últimos anos, tanto no ámbito internacional como no nacional, apareceron unha serie de normas que, entendendo que a situación de discapacidade é unha situación relevante, teñen como finalidade o recoñecemento de dereitos específicos.

Xunto a iso, e directamente relacionado coa situación das persoas con discapacidade, pretendeuse xustificar ese tipo de medidas a través doutros razoamentos. En efecto, desde a década dos anos setenta do século XX, comezouse a vivir un cambio no modo de entender a discapacidade, que culminou nun novo xeito de afrontar esta cuestión.

Estes cambios tiveron repercusións no ámbito do dereito internacional onde o dereito á igualdade de oportunidades é recoñecido en varios documentos, entre os que destacan as Normas uniformes para a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, en que a accesibilidade na comunicación se encontra recollida en varias disposicións. Así, a Organización das Nacións Unidas na súa Resolución 48/96, do 20 de decembro de 1993, en concreto no seu artigo 5º, número 7, considera «a utilización da lingua de signos na educación dos nenos xordos, así como nas súas familias e comunidades. De igual modo, débense prestar servizos de interpretación da lingua de signos para facilitar a comunicación entre as persoas xordas e as demais persoas». Ao mesmo tempo, no número 6, establécese a obriga dos Estados de utilizar «tecnoloxías apropiadas para proporcionarlles acceso á información oral ás persoas con discapacidade auditiva».

Tamén a Unión Europea, a través da Carta dos Dereitos Fundamentais, e o Consello de Europa, mediante o Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, recoñecen o dereito de todas as persoas á igualdade ante a lei e á protección contra a discriminación. A Unión Europea recoñece e respecta o dereito das persoas con discapacidade a se beneficiaren de medidas que garantan a súa autonomía, a súa integración social e a súa participación na vida en comunidade. Pola súa parte, a Axencia Europea para as necesidades educativas especiais, no seu documento de 2003 sobre os principios fundamentais da educación de necesidades especiais, recoméndalles aos Estados un marco legislativo e político que apoie a integración con dotación de medios que amplíen os desenvolvementos e os procesos que traballan cara á inclusión.

Por outra banda, o Comité de Ministros do Consello de Europa elaborou unha Recomendación sobre a protección da lingua de signos nos Estados membros do Consello de Europa (Doc. 9738 do 17 de marzo de 2003), recoñecendo a lingua de signos como un medio de comunicación natural e completo con capacidade de promover a integración das persoas con limitacións auditivas na sociedade e para facilitar o seu acceso á educación, ao emprego e á xustiza. Na mesma liña, a Recomendación 1492 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa de 2001 sobre os dereitos das minorías nacionais recomendoulles aos Estados membros que recoñezan oficialmente a lin-

gua de signos. Igualmente, no mesmo sentido, a Declaración do Parlamento Europeo 1/2004 sobre os dereitos das persoas xordocegas indica que «as persoas xordocegas deberían ter os mesmos dereitos que os demais cidadáns da Unión Europea e que estes dereitos deberíanse garantir mediante unha lexislación adecuada en cada Estado membro».

VI

En España, a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sumouse a esta nova tendencia. Esta lei, en desenvolvemento dos preceptos da Constitución española tende, entre outras cuestións, a promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a súa participación na vida política, cultural e social (artigo 9.2 da Constitución española), cumprindo, así mesmo, coa obriga dos poderes públicos de prestarlles ás persoas con discapacidade a atención especializada que requiran para o desfrute dos dereitos que a Constitución lles reconece a todos os cidadáns (artigo 49 da Constitución española).

O cumprimento dos principios que inspiran a Lei 51/2003 exige a adopción dun conxunto de medidas que normalicen a sociedade, no sentido de abrila no maior grao posible a toda a cidadanía e, como non, ás persoas con discapacidade, e que teñan como principal finalidade situar estas nunha igualdade de condicións, de oportunidades e de posibilidades para o desenvolvemento dos dereitos fundamentais e dunha vida digna (artigos 10.1 e 14 da Constitución española). Neste sentido, a citada lei prevé expresamente a regulación da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral.

Así, desde a importancia que ten a lingua como instrumento de información e de coñecemento, e desde o marco normativo constitucional e legal español, constitúe unha obriga dos poderes públicos tanto o desenvolvemento de medios que faciliten o acceso á expresión verbal e escrita da lingua oral ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, como a configuración dunha normativa básica sobre a aprendizaxe, coñecemento e uso das linguas de signos españolas.

VII

Esta lei dá resposta a ambas as dúas exixencias, desde o convencemento de que tanto a normalización da sociedade en relación coa cuestión da discapacidade como a integración das persoas con discapacidade en todo ámbito social exige a promoción da súa posibilidade de se comunicaren a través da lingua, sexa oral e/ou de signos. Posibilidade que non pode quedar só no establecemento dun conxunto de medidas dirixidas directamente ás persoas con discapacidade, senón que se debe proxectar tamén no resto da cidadanía, garantindo a comprensión e o uso da lingua oral e/ou de signos en todas aquelas institucións e entidades en que se desempeña un servizo público, a prol de conseguir así o desfrute real e efectivo dos dereitos fundamentais. Non se debe esquecer que a eliminación de barreiras á comunicación fai desaparecer as dificultades de comunicación entre persoas con e sen limitacións auditivas -a comunicación implica un fenómeno relacional, intersubxectivo- polo que os beneficios non se limitan a un grupo específico de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, senón ao conxunto da sociedade.

A lei parte das capacidades e potencialidades dos individuos, co fin de garantir a posibilidade de desenvolvemento das capacidades individuais, sempre desde o respecto á dignidade humana. Consciente de que as per-

soas con limitacións auditivas e as xordocegas -en que se combinan dúas deficiencias sensoriais (visual e auditiva)- teñen diferentes necesidades, o que implica que algunhas persoas opten pola comunicación a través da lingua de signos, mentres que outras prefiran a utilización de recursos que potencian e posibilitan a comunicación vía oral, a lei reconece o dereito de opción, e deixa, en definitiva, a elección en mans dos principais interesados: as persoas con discapacidade auditiva e xordocegas, ou os seus pais ou tutores cando se trate de menores.

VIII

A lei estrutúrase nun título preliminar, un título primeiro con dous capítulos; un título segundo con dous capítulos; sete disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

A lei, no seu título preliminar, determina o recoñecemento e regulación da lingua de signos española, sen prexuízo do recoñecemento da lingua de signos catalá no seu ámbito de uso lingüístico, e dos medios de apoio á comunicación oral, o dereito á aprendizaxe, o coñecemento e o uso tanto das linguas de signos españolas como dos medios de apoio á comunicación oral, permitindo a libre elección dos recursos que posibiliten a súa comunicación co contorno. Pola súa vez regula os efectos que terá a aplicación da lei.

Por outra banda, enuncia os distintos conceptos que xorden ao longo desta normativa, deténdose en cada un deles, cuxa explicación resulta imprescindible para garantir unha axeitada interpretación da lei; así mesmo, establécense os principios en que esta se inspira. Por último, contén as áreas en que a lei é de aplicación, de conformidade co principio de transversalidade.

O título primeiro está dedicado á aprendizaxe, ao coñecemento e ao uso das linguas de signos españolas, en concreto no capítulo I regula a súa aprendizaxe no sistema educativo, e no capítulo II trátase do uso das linguas de signos españolas a través de intérpretes de linguas, nas diferentes áreas públicas e privadas.

Finalmente dispónse a creación do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.

O título segundo está dedicado á aprendizaxe, ao coñecemento e ao uso dos medios de apoio á comunicación oral, en concreto no capítulo I regula a devandita aprendizaxe no sistema educativo, e no capítulo II trata o uso dos medios de apoio á comunicación oral nas diferentes áreas públicas e privadas.

Por último, dispónse a creación do Centro Español da Subtitulación e Audiodescrición.

A lei, na súa disposición adicional primeira, crea unha Comisión de Seguimento no seo do Consello Nacional da Discapacidade e establece o prazo dun ano para a súa constitución.

A disposición adicional segunda establece as garantías de dotación estrutural.

A disposición adicional terceira prevé as garantías xurídicas en relación coa arbitrase e a tutela xudicial.

A disposición adicional cuarta determina o réxime transitorio da situación dos intérpretes e profesionais das linguas de signos españolas.

A disposición adicional quinta encoméndalle ao Goberno a elaboración dun estudo sobre os profesionais das linguas de signos e as titulacións necesarias para o seu desempeño.

A disposición adicional sexta está dedicada á atención especial que requiren as persoas con xordocegueira.

A disposición adicional sétima fai referencia ao financiamento das axudas técnicas á audición.

A disposición derogatoria revoga cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na lei.

A disposición derradeira primeira establece o carácter básico da lei.

A disposición derradeira segunda establece a supletividade da Lei 51/2003, do 2 de decembro.

A disposición derradeira terceira considera o financiamento da lei.

A disposición derradeira cuarta outorga facultades de execución e desenvolvemento da lei.

A disposición derradeira quinta determina a aplicación gradual da lei.

A disposición derradeira sexta regula a entrada en vigor da lei.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto recoñecer e regular a lingua de signos española como lingua das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en España que libremente decidan utilizala, sen prexuízo do recoñecemento da lingua de signos catalá no seu ámbito de uso lingüístico, así como a regulación dos medios de apoio á comunicación oral.

Así mesmo, esta lei ten por obxecto recoñecer a lingua de signos catalá como lingua das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en Cataluña, que libremente decidan utilizala, sen prexuízo da ulterior regulación lexislativa e regulamentaria que poida corresponder á Generalitat de Cataluña, en desenvolvemento das súas competencias.

Todas as alusións que esta lei fai á lingua de signos española entenderanse feitas ás demais linguas de signos españolas, para o seu ámbito territorial propio, sen prexuízo do que estableza a normativa propia das respectivas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

Tamén é obxecto desta lei a regulación dos medios de apoio á comunicación oral destinados ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 2. *Dereito á aprendizaxe, ao coñecemento e ao uso das linguas de signos españolas e dos medios de apoio á comunicación oral.*

Recoñécese o dereito de libre opción das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas á aprendizaxe, ao coñecemento e ao uso das linguas de signos españolas, e aos distintos medios de apoio á comunicación oral, nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 3. *Efectos da lei.*

1. As normas establecidas nesta lei producirán efectos en todo o territorio español, sen prexuízo da regulación que corresponda no ámbito das comunidades autónomas, garantíndose en todo caso a igualdade a que se refire a disposición derradeira primeira.

2. Nesta lei establécense as medidas e garantías necesarias para que as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas poidan, libremente, facer uso das linguas de signos españolas e/ou dos medios de apoio á comunicación oral en todas as áreas públicas e privadas, co fin de facer efectivo o exercicio dos dereitos e liberdades constitucionais, e de xeito especial o libre desenvolvemento da personalidade, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, o dereito á educación e á plena participación na vida política, económica, social e cultural.

3. As medidas e garantías establecidas no título II desta lei serán de plena aplicación ás persoas xordas, con

discapacidade auditiva e xordocegas usuarias das linguas de signos españolas cando fagan uso das linguas orais.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Lingua de signos: son as linguas ou sistemas lingüísticos de carácter visual, espacial, xestual e manual en cuxa conformación interveñen factores históricos, culturais, lingüísticos e sociais, utilizadas tradicionalmente como linguas polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas signantes en España.

b) Lingua oral: son as linguas ou sistemas lingüísticos correspondentes ás linguas recoñecidas oficialmente na Constitución española e, para os seus respectivos ámbitos territoriais, nos estatutos de autonomía, utilizadas como lingua polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas oralistas en España.

c) Medios de apoio á comunicación oral: son aqueles códigos e medios de comunicación, así como os recursos tecnolóxicos e axudas técnicas usados polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas que facilitan o acceso á expresión verbal e escrita da lingua oral, favorecendo unha comunicación co contorno máis plena.

d) Persoas xordas ou con discapacidade auditiva: son aquelas persoas ás cales se lles recoñece, por tal motivo, un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, que encontran na súa vida cotiá barreiras de comunicación ou que, no caso de superalas, requiren medios e apoios para a súa realización.

e) Persoas con xordocegueira: son aquelas persoas cunha deterioración combinada da vista e do oído que dificulta o seu acceso á información, á comunicación e á mobilidade. Esta discapacidade afecta gravemente as habilidades diarias necesarias para unha vida mínimamente autónoma, require servizos especializados, persoal especificamente formado para a súa atención e métodos especiais de comunicación.

f) Usuario ou usuaria dunha lingua: é aquela persoa que utiliza unha determinada lingua para se comunicar co contorno. Aquelas persoas que son usuarias de dúas linguas son consideradas como bilingües.

g) Usuario ou usuaria da lingua de signos: é aquela persoa que utiliza a lingua de signos para se comunicar.

h) Usuario ou usuaria de medios de apoio á comunicación oral: aquela persoa xorda, con discapacidade auditiva e xordocega que precisa de medios de apoio á comunicación oral para acceder á información e á comunicación no contorno social.

i) Intérprete de lingua de signos: profesional que interpreta e traduce a información da lingua de signos á lingua oral e escrita e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, que sexan usuarias desta lingua, e o seu contorno social.

j) Guía-intérprete: profesional que desempeña a función de intérprete e guía da persoa xordocega, realizando as adaptacións necesarias, servíndolle de nexco co contorno e facilitando a súa participación en igualdade de condicións.

k) Educación bilingüe: proxecto educativo en que o proceso de ensino-aprendizaxe se leva a cabo nun contorno en que coexisten dúas ou máis linguas que utilizan como linguas vehiculares. No caso das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas referirase ás linguas orais recoñecidas oficialmente e ás linguas de signos españolas.

l) Logopeda e mestre/a especialista en audición e linguaxe: profesionais especializados en sistemas alternativos e/ou sistemas aumentativos de apoio á comunica-

ción oral que estimulan e facilitan o seu desenvolvemento.

Artigo 5. *Principios xerais.*

Esta lei inspírase nos seguintes principios:

a) Transversalidade das políticas en materia de lingua de signos e medios de apoio á comunicación oral: as actuacións que desenvolvan as administracións públicas non se limitarán unicamente a plans, programas e accións específicos, pensados exclusivamente para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas usuarias das devanditas modalidades lingüísticas ou medios de apoio, senón que deben comprender as políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, tendo en conta as diversas necesidades e demandas das persoas usuarias delas.

b) Accesibilidade universal: os contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos e instrumentos, ferramentas e dispositivos deben cumprir as condicións necesarias para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguranza e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

c) Liberdade de elección: as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e, se é o caso, os seus pais ou representantes legais, no suposto de que sexan menores de idade ou estean incapacitadas, poderán optar pola lingua oral e/ou a lingua de signos española e/ou as linguas de signos propias das comunidades autónomas.

d) Non discriminación: ningunha persoa poderá ser discriminada nin tratada desigualmente, directa ou indirectamente, por exercer o seu dereito de opción ao uso da lingua de signos española e/ou das linguas de signos propias das comunidades autónomas e/ou de medios de apoio á comunicación oral en calquera ámbito, sexa público ou privado.

e) Normalización: principio en virtude do cal as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas deben poder levar unha vida normal, accedendo aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que están á disposición de calquera persoa.

Artigo 6. *Ámbito de aplicación.*

De acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, o disposto nesta lei aplicarase nas seguintes áreas:

1. Bens e servizos á disposición do público.
2. Transportes.
3. Relacións coas administracións públicas.
4. Participación política.
5. Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información.

TÍTULO I

Aprendizaxe, coñecemento e uso das linguas de signos españolas

CAPÍTULO I

Aprendizaxe e coñecemento das linguas de signos españolas

Artigo 7. *Da aprendizaxe na formación regrada.*

1. As administracións educativas disporán dos recursos necesarios para facilitarlle naqueles centros que se determine, de conformidade co establecido na lexislación

educativa vixente, a aprendizaxe das linguas de signos españolas ao alumnado xordo, con discapacidade auditiva e xordocega que, de acordo co especificado no artigo 5.c) desta lei, optase por esta lingua. No caso de que estas persoas sexan menores de idade ou estean incapacitadas, a elección corresponderalles aos pais ou representantes legais.

2. As administracións educativas ofertarán, nos centros que se determinen, entre outros, modelos educativos bilingües, que serán de libre elección polo alumnado xordo, con discapacidade auditiva e xordocega ou polos seus pais ou representantes legais, no caso de ser menor de idade ou estar incapacitado.

3. Os plans de estudos poderán incluír, así mesmo, nos centros anteriormente citados, a aprendizaxe das linguas de signos españolas como materia optativa para o conxunto do alumnado, facilitando deste xeito a inclusión social do alumnado xordo, con discapacidade auditiva e xordocega usuario das linguas de signos españolas e fomentando valores de igualdade e respecto á diversidade lingüística e cultural.

4. Co fin de dispoñer de profesionais debidamente cualificados para o ensino das linguas de signos españolas e, se é o caso, para o uso previsto no capítulo II do título I desta lei, a Administración educativa competente determinará as titulacións que, conforme a normativa existente sobre requisitos para o seu exercicio, considere oportunas e propiciará a súa formación inicial e permanente.

5. As administracións educativas establecerán plans e programas de formación para o profesorado que atende o alumnado xordo, con discapacidade auditiva e xordocega.

Artigo 8. *Da aprendizaxe na formación non regrada.*

1. As administracións educativas fomentarán a cooperación das familias, con menores xordos, con discapacidade auditiva e xordocegos, coa institución escolar ou académica e cooperarán coas entidades asociativas de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e das súas familias, na realización de cursos de formación para a aprendizaxe das linguas de signos españolas.

2. As administracións públicas competentes, así mesmo, cooperarán coas universidades e coas entidades asociativas de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias na aprendizaxe das linguas de signos españolas noutros ámbitos sociais.

CAPÍTULO II

Uso das linguas de signos españolas

Artigo 9. *Obxecto.*

De conformidade con esta lei encoméndaselles aos poderes públicos promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas a todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, cando o precisen, nas diferentes áreas públicas e privadas que se especifican neste capítulo.

Os poderes públicos, nos termos establecidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, e nas súas normas de desenvolvemento regulamentario, promoverán, así mesmo, medidas contra a discriminación e estableceranse medidas de acción positiva en favor das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas usuarias das linguas de signos españolas, de acordo co disposto neste capítulo.

Artigo 10. Acceso aos bens e servizos á disposición do público.**a) Educación.**

As administracións educativas facilitaránlles ás persoas usuarias das linguas de signos españolas a súa utilización como lingua vehicular do ensino nos centros educativos que se determinen.

Igualmente promoverán a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas polas persoas usuarias das linguas de signos españolas nos centros que se determinen.

No marco dos servizos de atención ao alumnado universitario en situación de discapacidade, promoverán programas e iniciativas específicas de atención ao alumnado universitario xordo, con discapacidade auditiva e xordocego, co obxectivo de lle facilitar asesoramento e medidas de apoio.

b) Formación e emprego.

Observarase o disposto no capítulo III do título II da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativa a medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato no ámbito laboral.

c) Saúde.

As administracións públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, no caso de que así se solicite previamente, para os usuarios que o necesiten naqueles centros sanitarios que atendan persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Igualmente adoptarán as medidas necesarias para que as campañas informativas e preventivas en materia de saúde sexan accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en linguas de signos españolas.

d) Cultura, deporte e ocio.

As administracións públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas, no caso de que así se solicite previamente, para as persoas que sexan usuarias desta, naquelas actividades culturais, deportivas, de espaxamento e de ocio que se determinen, tales como cines, teatros e museos nacionais, monumentos histórico-artísticos do patrimonio do Estado e visitas guiadas en que participen persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 11. Transportes.

1. Nas estacións de transporte marítimo, terrestre e aéreo que determinen as administracións competentes en razón da relevancia do tráfico de viaxeiros, prestaranse servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, no seu ámbito territorial, para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, nos puntos de información e atención ao público que, así mesmo, se establezan, todo iso de acordo coas previsións que se conteñan nos mecanismos de cooperación a que se refire a disposición derradeira terceira da lei.

2. Adoptaranse as medidas necesarias para que as instrucións sobre normas de funcionamento e seguranza nos transportes se difundan tamén sempre que sexa posible, en lingua de signos.

Artigo 12. Relacións coas administracións públicas.

1. As administracións públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en lingua de

signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, no caso de que así se solicite previamente, para as persoas que sexan usuarias desta, co obxecto de facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas administracións públicas.

2. En relación coa Administración de xustiza e penitenciaria promoveranse as condicións axeitadas, tales como formación e dispoñibilidade de servizos de intérprete de lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, para facer efectiva a aplicación do disposto no artigo 143 da Lei de axuízamento civil, así como nos procesos que se rexen pola Lei de axuízamento criminal, respecto das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 13. Participación política.

1. Os poderes públicos, os partidos políticos e os axentes sociais facilitarán que as informacións institucionais e os programas de emisión gratuíta e obrigatoria nos medios de comunicación, de acordo coa lexislación electoral e sindical, sexan plenamente accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a súa emisión ou distribución en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese.

2. As Cortes Xerais, asembleas lexislativas das comunidades autónomas, deputacións provinciais e corporacións e entidades locais promoverán a interpretación en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, naquelas reunións plenarias de carácter público e en calquera outra de interese xeral en que así se determine, cando haxa participación de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e se solicite previamente.

Artigo 14. Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información.

1. Os poderes públicos promoverán as medidas necesarias para que os medios de comunicación social, de conformidade co previsto na súa regulación específica, sexan accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a incorporación das linguas de signos españolas.

2. Así mesmo, os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para que as campañas de publicidade institucionais e os distintos soportes audiovisuais en que estas se poñan á disposición do público sexan accesibles a estas persoas.

3. Estableceranse as medidas necesarias para incentivar o acceso ás telecomunicacións en lingua de signos española.

4. As páxinas e portais da internet de titularidade pública ou financiados con fondos públicos adaptaranse aos estándares establecidos en cada momento polas autoridades competentes para lograr a súa accesibilidade ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a posta á disposición dentro destas dos correspondentes sistemas de acceso á información na lingua correspondente ao seu ámbito lingüístico.

5. Cando as administracións públicas promovan ou subvencionen congresos, xornadas, simposios e seminarios en que participen persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, facilitarán a súa accesibilidade mediante a prestación de servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas, se as houbese, logo de solicitude de interesados.

6. As mensaxes relativas á declaración de estados de alarma, excepción e sitio, así como as mensaxes ins-

titucionais deberán ser plenamente accesibles a todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 15. Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.

Créase o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española. O Goberno, oído o Consello Nacional da Discapacidade, regulará no Real Padroado sobre Discapacidade este centro coa finalidade de investigar, fomentar, difundir e velar polo bo uso desta lingua. O Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española contará con profesionais expertos en lingua de signos española e en sociolingüística, e desenvolverá as súas accións mantendo consultas e establecendo convenios coas universidades e coas entidades representativas das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias. Estará rexido por un órgano colexiado de carácter paritario entre representantes da Administración do Estado e entidades representativas do movemento asociativo da comunidade lingüística das persoas usuarias da lingua de signos española. Ademais, contará cunha presidencia e cunha secretaría cuxos titulares serán representantes da Administración do Estado.

TÍTULO II

Aprendizaxe, coñecemento e uso dos medios de apoio á comunicación oral

CAPÍTULO I

Aprendizaxe e coñecemento dos medios de apoio á comunicación oral

Artigo 16. Da aprendizaxe na formación regrada.

1. As administracións educativas disporán o necesario para facilitarlle, segundo a lexislación educativa vixente, a aprendizaxe da lingua oral e dos medios de apoio á comunicación oral, que así o precisen, ao alumnado xordo ou con discapacidade auditiva e xordocego que, de acordo co previsto no artigo 5.c) desta lei, elixise esta lingua. No caso de que estas persoas sexan menores de idade ou estean incapacitadas, a elección corresponderalles aos seus pais ou representantes legais.

2. Co fin de dispoñer de profesionais debidamente cualificados para o ensino dos medios de apoio á comunicación oral, cando así se requira e, se é o caso, para o uso previsto no capítulo II do título II, a Administración educativa competente determinará as titulacións que, conforme a normativa existente sobre requisitos para o seu exercicio, considere oportunas e propiciará a súa formación inicial.

3. As administracións educativas promoverán plans e programas de formación para o profesorado que atende o alumnado xordo ou con discapacidade auditiva e xordocego.

Artigo 17. Da aprendizaxe na formación non regrada.

1. As administracións educativas fomentarán a cooperación das familias con menores xordos, con discapacidade auditiva e xordocegos coa institución escolar ou académica e cooperarán coas entidades asociativas de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias na realización de cursos de formación para a aprendizaxe dos medios de apoio á comunicación oral que así o precisen.

2. As administracións públicas competentes, así mesmo, cooperarán coas universidades e coas entidades asociativas de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias na aprendizaxe dos medios de apoio á comunicación oral.

CAPÍTULO II

Uso dos medios de apoio á comunicación oral

Artigo 18. Obxecto.

De conformidade con esta lei, encoméndaselles aos poderes públicos promover o uso dos medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas nas diferentes áreas que se especifican neste capítulo.

Os poderes públicos, nos termos establecidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e nas súas normas de desenvolvemento regulamentario, promoverán, así mesmo, medidas contra a discriminación e establecerán medidas de acción positiva en favor das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas usuarias de medios de apoio á comunicación oral, de conformidade co disposto neste capítulo.

Artigo 19. Acceso aos bens e servizos á disposición do público.

a) Educación.

As administracións educativas facilitaranlles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, usuarias da comunicación oral a súa utilización nos centros educativos que se determinen.

Igualmente promoverán a prestación dos medios de apoio á comunicación oral polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas usuarias da comunicación oral nos centros que se determinen.

No marco dos servizos de atención ao alumnado universitario con discapacidade, promoverán programas e iniciativas específicas de atención ao estudante universitario xordo, con discapacidade auditiva e xordocego, co obxectivo de facilitarlle asesoramento, orientación e medios de apoio á comunicación oral.

b) Formación e emprego.

Observarase o disposto no capítulo III do título II da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativa a medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato no ámbito laboral.

c) Saúde.

As administracións sanitarias promoverán os medios de apoio á comunicación oral dos usuarios que os necesiten naqueles centros sanitarios que atendan persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Igualmente adoptarán as medidas necesarias para que as campañas informativas e preventivas en materia de saúde sexan accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a incorporación da subtitulación e doutros recursos de apoio á comunicación oral.

d) Cultura, deporte e ocio.

As administracións competentes promoverán o establecemento dos medios de apoio á comunicación oral para as persoas que sexan usuarias destes, naquelas actividades culturais, deportivas, de recreación e de ocio, que se determinen, tales como cines, teatros e museos nacio-

nais, monumentos histórico-artísticos do patrimonio do Estado e visitas guiadas en que participen persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 20. *Transportes.*

As estacións de transporte marítimo, terrestre e aéreo que determinen as administracións competentes en razón da relevancia do tráfico de viaxeiros contarán con medios de apoio á comunicación oral para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas nos puntos concretos de información e atención ao público que, así mesmo, se establezan, todo iso de acordo coas previsións que se conteñan nos mecanismos de cooperación a que se refire a disposición derradeira terceira da lei.

Adoptaranse as medidas necesarias para que as instrucións sobre normas de funcionamento e seguranza nos transportes se difundan tamén, sempre que sexa posible, a través de medios de apoio á comunicación oral.

Artigo 21. *Relacións coas administracións públicas.*

As administracións públicas promoverán as condicións axeitadas, tales como formación e dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas administracións públicas.

En relación coa Administración de xustiza, promoveranse as condicións axeitadas, tales como formación e dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facer efectiva a aplicación do disposto no artigo 143 da Lei de axuízamento civil, así como nos procesos que se rexen pola Lei de axuízamento criminal, respecto das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 22. *Participación política.*

1. Os poderes públicos, os partidos políticos e os axentes sociais facilitarán que as informacións institucionais e os programas de emisión gratuíta e obrigatoria nos medios de comunicación, de acordo coa lexislación electoral e sindical, sexan plenamente accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a súa emisión ou distribución a través de medios de apoio á comunicación oral.

2. As Cortes Xerais, asembleas lexislativas das comunidades autónomas, deputacións provinciais e corporacións e entidades locais promoverán a existencia e emprego dos medios de apoio á comunicación oral e á subtitulación, naquelas reunións plenarias de carácter público e en calquera outras de interese xeral en que así se determine, cando haxa participación de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e o soliciten previamente.

Artigo 23. *Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información.*

1. Os poderes públicos promoverán as medidas necesarias para que os medios de comunicación social de titularidade pública ou con carácter de servizo público, de conformidade co previsto na súa regulación específica, sexan accesibles ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas a través de medios de apoio á comunicación oral.

2. Así mesmo, os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para que as campañas de publicidade institucionais e os distintos soportes audiovisuais en que as devanditas campañas se poñan á disposición do público sexan accesibles a estas persoas mediante a incorporación da subtitulación.

3. Estableceranse as medidas necesarias para incentivar o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral e a subtitulación.

4. As páxinas e portais da internet de titularidade pública ou financiados con fondos públicos adaptaranse aos estándares establecidos en cada momento polas autoridades competentes para lograr a súa accesibilidade ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a posta á disposición dentro destas dos correspondentes sistemas de acceso á información.

5. Cando as administracións públicas promovan ou subvencionen congresos, xornadas, simposios e seminarios en que participen persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, facilitarán a súa accesibilidade mediante a utilización de medios de apoio á comunicación oral, logo de solicitude dos interesados.

Artigo 24. *Centro Español da Subtitulación e a Audio-descrición.*

Créase o Centro Español da Subtitulación e a Audio-descrición. O Goberno, oído o Consello Nacional da Discapacidade, regulará no Real Padroado sobre Discapacidade este centro coa finalidade de investigar, fomentar, promover iniciativas, coordinar actuacións e estender a subtitulación e a audiodescrición como medios de apoio á comunicación das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. O Centro Español da Subtitulación e a Audiodescrición desenvolverá as súas accións mantendo consultas e establecendo convenios coas entidades representativas das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias.

Disposición adicional primeira. *Comisión de seguimento da lei.*

Créase unha Comisión de seguimento no seo do Consello Nacional da Discapacidade, en que terán presenza as organizacións de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas e das súas familias, co obxectivo de impulsar e velar polo cumprimento das medidas contidas nesta lei, proponendo as medidas oportunas para a súa plena eficacia.

A citada comisión constituirase no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional segunda. *Garantías de dotación estrutural.*

Os poderes públicos promoverán os recursos humanos, técnicos e económicos necesarios para cubrir as medidas de acción positiva obxecto desta lei.

Disposición adicional terceira. *Garantías xurídicas.*

Observarase o disposto no capítulo III, sección 2.^a, da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en relación coa arbitrase e coa tutela xudicial.

Disposición adicional cuarta. *Réxime transitorio da situación dos intérpretes e profesionais das linguas de signos españolas.*

O Goberno da Nación, por proposta das administracións competentes, de acordo coa lexislación vixente na materia, analizará a situación dos intérpretes e profesionais das linguas de signos españolas que adquiriron a súa formación a través de ensinanzas non regradas, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, para a súa regulación administrativa.

Disposición adicional quinta. *Profesionais das linguas de signos.*

Despois da entrada en vigor desta lei o Goberno elaborará un estudo sobre os profesionais das linguas de signos e as titulacións necesarias para o seu desempeño.

Disposición adicional sexta. *Atención á xordocegueira.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais realizará un estudo en que se determine o número de persoas con xordocegueira, as súas condicións de vida e a súa localización xeográfica, para os efectos de determinar os centros de referencia que se deberán crear, así como o establecemento de recursos máis acordes coas especiais necesidades deste colectivo.

Disposición adicional sétima. *Axudas técnicas á audición.*

Os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, achegarán financiamento para a adquisición de apoios técnicos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade da Lei 51/2003, do 2 de decembro.*

No non regulado expresamente nesta lei observárase o disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, así como as súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Financiamento.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais atende á execución do disposto nesta lei cos orzamentos asignados para o cumprimento das súas competencias en materia de discapacidade.

Para este fin estableceranse mecanismos de cooperación cos ministerios competentes na materia e coas distintas administracións públicas competentes, segundo proceda.

En particular, a Administración xeral do Estado coadxuvará a financiar o fomento, a investigación e a difusión do uso da lingua de signos catalá.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de execución e desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias e logo de consulta ás conferencias sectoriais correspondentes e ao Consello Nacional de Discapacidade, queda autorizado para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. Así mesmo, o Goberno elaborará, especificamente, un regulamento que desenvolva a utilización da lingua de signos española, así como os apoios para calquera tipo de axuda técnica que contribúa á eliminación das barreiras de comunicación

para a integración social das persoas xordas con discapacidade auditiva ou xordocegas.

Disposición derradeira quinta. *Aplicación da lei.*

As previsións establecidas nesta lei terán unha aplicación gradual nas diferentes áreas a que se refire o artigo 6.

As normas establecidas nos artigos 10, 11, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 22 e 23 desta lei aplicaranse de acordo cos prazos e calendarios previstos nas disposicións derradeiras quinta, sexta, sétima, oitava e novena sobre condicións de accesibilidade e non discriminación da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

18479 *ORDE ITC/3077/2007, do 17 de outubro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados á determinación do contido de azucre no mosto da uva, no mosto concentrado e no mosto concentrado rectificadado. («BOE» 255, do 24-10-2007.)*

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as que se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Este real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, e adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos a regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

O Regulamento CEE n.º 2676/90 da Comisión, do 17 de setembro de 1990, polo que se determinan os métodos de análise comunitarios aplicables no sector do viño, no